

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de abril de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar de baixo e planta alta, con baleirado interior da estrutura e renovación da cuberta mantendo a altura de cornixa e cumio existente, nova distribución interior e unha ampliación en planta baixa ata os 16 metros, na rúa Quiroga, número 16. (2021/Y001/000109).

Acórdase desestimar o recurso interposto contra a resolución adoptada na xunta de goberno local de data 1 de decembro de 2021, que resolve non outorgar licenza urbanística para rehabilitación de vivenda unifamiliar no núcleo rural de Bocamaos. (2021/P014/000121).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de luminarias para instalacións de iluminación pública na zona rural do Concello de Lugo. expte. ref. 2021-C004-000036.

Acórdase a aprobación dos pregos, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de asistencia técnica para a elaboración, implementación, seguemento e avaliación do plan de acción da axenda urbana; lugo cidade verde; e das súas actuacións asociadas financiada a través do ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana dentro do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola unión europea e a apertura do procedemento de adxudicación.

3. PERSOAL.- Acórdase a prórroga da comisión de servizos no posto de traballo xefe/a de servizo de benestar social do Concello de Lugo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4077167698940188459.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-4-2022

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de
Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de
Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**